



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de outubro de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaseis de outubro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(845).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 8 de outubro de 2010 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(846).- SUBVENCIÓN DIRECTA Á “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A CONTRIBUCIÓN DO SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL (ATENCIÓN INMEDIATA A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE, ESPECIALMENTE AFECTADAS POLA PANDEMIA COVID-19). EXPTE. 204596/301.

Visto o informe de fiscalización do 07/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/09/2020, asina xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto de Área, pola concelleira de Política de Benestar Social e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 20.07.2020 ordenouse a incoación de expediente administrativo para conceder unha subvención directa a favor da “Asociación Misión del Silencio” (“*Hermanas Misioneras del Silencio*”) para afrontar os gastos extraordinarios derivados do funcionamento do seu comedor social durante a crise sanitaria e social provocada pola pandemia da COVID-19.

I.2. O 15.09.2020 achegouse pola Asociación toda a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención (consta no Exp. nº 207891/301): datos identificativos da entidade, proxecto de actividade, obxectivos, orzamento de ingresos e gastos, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, xustificante de inscrición no RUEPSS, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, declaración doutras axudas/subvencións recibidas, etc. Incorporouse de oficio ó Exp. nº 204596/301 o certificado da Tesourería municipal acreditativo de que non ten débedas ou sancións de natureza tributaria con este Concello na vía de constrinximento.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.



Concello de Vigo

- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. A «Asociación Misión del Silencio» (CIF 3600388G) é unha institución privada relixiosa fundada en 1974 que conta na nosa cidade cun comedor social na rúa Urzáiz nº 39 (“Comedor social Virgen de Lourdes”), en funcionamento desde hai moitos anos. Dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende nel a persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social. Na actualidade, a súa representante legal é D^a M^a Guadalupe Egi-do Pérez.

III.2. O 11.03.2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV2 como pandemia e o Consello da Xunta de Galicia do 13.03.2020 declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución do COVID-19.

Posteriormente por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárouse o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogado sucesivamente (RD.476/2020, RD.487/2020, RD.492/2020, RD.514/2020, RD.537/2020 e RD.555/2020) e vixente ata o 21.06.2020, co obrigado confinamento nos seus domicilios de moitas persoas e familias vulnerables que carecían dos produtos de alimentación necesarios para subsistir e que tampouco podían acudir ós comedores sociais da cidade.

III.3. Esa necesidade esencial e imprevista de reparto de alimentos básicos e subministro diario de comidas foi atendida de urxencia desde a Concellería de Política de Benestar Social, entre outros medios (servizo de cátering, p.ex.), derivando ás persoas e familias vulnerables ós comedores sociais da cidade para recoller ás comidas alí preparadas, como no xestionado na nosa cidade pola «Asociación Misión del Silencio», que elaborou e entregou máis de 10.000 menús, co compromiso municipal de asumir en parte o sobrecusto que representaba esa atención extraordinaria.

III.4. En concreto, no periodo comprendido entre mediados de marzo e xuño deste ano, no seu comedor social da rúa Urzáiz foron preparados e entregados un total de 10.821 menús e o custo extra deste servizo de comidas asumido polo Concello ascendería a 10.821€, a razón de 1€/menú, que representaría, aproximadamente, o 25% do seu custo real.

III.5. Tal como se indica no proxecto presentado pola Asociación, os obxectivos perseguidos foron:

- Cubrir de xeito digno parte das necesidades de alimentación de pratos cociñados de persoas en situación de exclusión ou en risco de padecela na cidade de Vigo.
- Ofrecer axuda de profesional de traballo social para a superación da situación de necesidade de alimentación en comedor social.
- Ofrecer colaboración co Concello de Vigo para axustar a oferta do comedor social ás situacións de maior necesidade.
- Ofrecer colaboración con outros comedores sociais e entidades sen ánimo de lucro co fin de levar a cabo os obxectivos propostos.

III.6. En congruencia con eses obxectivos, os servizos ofrecidos pola «Asociación Misión del Silencio» incluídos no precitado proxecto foron:

- Dispensación de comidas preparadas.
- Orientación social e profesional ás persoas que a demandaron.
- Información, orientación e acompañamento por parte de profesional do Traballo Social.

A Asociación prevé realizar un total de 400 intervencións sociais e que, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, servirá aproximadamente unhas 88 comidas ó día, *“con la salvedad de que si con motivo de las medidas adoptadas para prevenir el COVID-19 las comidas continúan siendo entregadas para su consumo fuera del comedor el número de comidas puede aumentar”*.

III.7. O gasto total derivado do funcionamento do comedor social da «Asociación Misión del Silencio» para o exercicio de 2020 estímase en 114.220€; solicitándose ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 10.821€, correspondente ós gastos extraordinarios asumidos durante os meses de marzo – xuño deste ano.

III.8. Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 5.2, das de execución dos orzamentos municipais, que esixe acreditar a singularidade e as razóns acreditativas do interese público, social e humanitario concorrentes nas subvencións deste tipo.

Entendemos que no presente caso xustificáranse sobradamente tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrência que deben rexer esta materia como o interese público, social e humanitario da subvención á «Asociación Misión del Silencio», destinada a paliar en parte os efectos derivados da pandemia da COVID-19 entre a poboación máis vulnerable da sociedade.



Concello de Vigo

III.9. O procedemento para a concesión destas subvencións directas iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión da subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.10. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.11. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención directa por importe de 10.821€ (DEZ MIL OITOCENTOS VINTEÚN EUROS), coa que se pretende contribuír ó sostemento do seu comedor social na rúa Urzáiz nº 39, que constitúe un recurso social indispensable para a atención inmediata ás persoas e familias en situación de vulnerabilidade, especialmente afectadas pola pandemia da COVID-19.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 10.821€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 – “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios”, por tratarse de axudas de emerxencia para alimentos entregadas en especie, a favor de «Asociación Misión del Silencio» (CIF 3600388G).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será contribuír ó sostemento do comedor social “*Virgen de Lourdes*” da «Asociación Misión del Silencio», que atendeu e atende a persoas e familias especialmente vulnerables e afectadas pola pandemia do COVID-19.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: foron un total de 10.821 os menús distribuídos pola Asociación entre as persoas e familias beneficiarias do servizo extraordinario prestado polo seu comedor social da rúa Urzáiz nº 39 para facer fronte ás necesidades de alimentos derivada da pandemia do coronavirus.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (10.821€) poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 – “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características sociais e humanitarias do proxecto e a posibilidade de xustificar xa a totalidade da subvención, realizarase un pagamento único polo 100% do importe total da mesma coa Resolución de concesión.

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: como documentación xustificativa desta subvención achegarase pola Xefatura de Área de Benestar Social informe acreditativo do número de menús elaborados e entregados ás persoas derivadas polos servizos sociais ó comedor de “MISIONERAS DEL SILENCIO”.

En todo caso, a beneficiaria deberá facilitar, de ser precisa, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(847).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA OS BENS MOBLES E INMOBLES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20290/240.

Visto o informe de fiscalización do 05/10/20, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (20.290-240)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (20.290-240)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 5.12.2019.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 19.06.2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de DOUSCEN-TOS SESENTA MIL EUROS (260.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 92002240002 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:



Concello de Vigo

2020	130.000,00 €
2021	130.000,00 €
TOTAL	260.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (20.290-240) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1º	GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	90,00
2º	ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	88,20
3º	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	56,98

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-28.007.268), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 9 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 22 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade dos membros presentes, conceder un prazo de tres días a GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS para que puidese acreditar correctamente a solvencia técnica e presentar o anexo IV do PCAP.

Durante o prazo concedido, nas datas 29 de setembro e 1 de outubro de 2020, o licitador presentou a documentación requirida.

A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 1 e 2 de setembro de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GENERALI ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-28.007.268) o procedemento aberto para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (20.290-240) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 202.595,88 euros (exento de IVE).*
- b) Propón unha porcentaxe de desconto do 90% a aplicar ao importe da franquía que figura no apartado 8 do PPT (6.000 euros por sinistro).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(848).- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7063/335.

Visto o informe xurídico do 13/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/10/2020, asinado polo xestor técnico dos expedientes de Festas (Resolución do 17/06/2020) e polo concelleiro de Área, que di o seguinte:

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propondo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

As bases obxecto deste expediente supoñen unha modificación das bases aprobadas pola xunta de Goberno Local en data 28.07.2017 e posterior de data 04.07.2019 (expediente 7063-335), respecto das cláusulas relativas á comisión da avaliación aos efectos de adaptación estrutura organizativa (cláusulas novena) e concelleiro delegado da área e especificacións técnicas respecto das achegas monetarias e execución do convenio (cláusula décimo primeira).

E por isto polo que previo informe xurídico, sométese á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas pola Alcaldía en Resolución de data 18 de xuño de 2019 modificada posteriormente por Resolución de data 17 de agosto de 2020 para a súa aprobación o seguinte INFORME PROPOSTA

PRIMEIRO.- Modificar as cláusulas novena e decimo primeira das bases reguladoras de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo e base sétima da convocatoria de acordo co seguinte literal

“ NOVENA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Area e como secretario/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos*
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.*
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.*
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.*

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.*
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos*
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.*
- d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.*
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto”*

(...)

DÉCIMO PRIMEIRA.- ACHEGAS MONETARIAS.

As achegas monetarias realizadas en concepto de colaboración, terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de Dereito Privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril. As achegas monetarias poderán xerar créditos no estado de gastos dos orzamentos correspondentes, sempre que concorran os requisitos indispensables sinalados no artigo 44, concordantes e seguintes do citado Real Decreto.

No caso de que a actividade patrocinada non se chegase a executar por causa non imputable ao patrocinador, procederá o reintegro total o parcial da achega monetaria aportada polo patrocinador. Noutros casos non procederá resarcimento ningún.



Concello de Vigo

A fase de execución do convenio de patrocinio realizarase polo servizo de Festas, debendo responder do grado do seu cumprimento mediante a emisión do oportuno informe.”

e

2.-CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS:.....

(...)

SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Area e como secretario/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos*
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.*
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.*
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.*

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.*
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos*
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.*
- d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.*
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto”*

SEGUNDO.- Aprobar o texto refundido das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCE-LLO DE VIGO.

1.- BASES REGULADORAS.

PRIMEIRA.- FUNDAMENTO E CONCEPTO.

O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de en promoción cultural e ocupación do tempo libre.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais. Estas dotacións económicas poderían ser susceptibles de ampliación, mediante posta en marcha de iniciativas de participación por parte do sector privado.

Por este motivo, o servizo de Festas propón a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

SEGUNDA.- OBXECTO, NATUREZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes bases teñen como obxecto, establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral.

Terán a consideración de achegas aquelas que de forma voluntaria e no marco do convenio correspondente, efectúen as persoas xurídicas para a realización de actividades de interese sociocultural de competencia municipal. As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias como en especie nos supostos legalmente establecidos.

Serán obxecto de colaboración as actividades de carácter sociocultural relacionadas cos programas do **Anexo I**.

TERCEIRA.- FORMA DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL.

O convenio de colaboración empresarial ten como finalidade a colaboración mediante unha achega económica voluntaria da entidade na realización das actividades programadas polo Concello de Vigo ás que se refire o **Anexo I** destas bases, sendo a participación do colaborador obxecto de difusión, sen que esta publicidade supoña unha contraprestación a dita achega que permita cualificalo como contrato.



Concello de Vigo

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras dos convenios de colaboración empresarial as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias, que terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de dereito privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

Deberán formalizarse en documento administrativo, co seguintes contido mínimo:

- a) Identificación das partes.
- b) Acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o convenio.
- c) Definición do obxecto do convenio, con expresión das actividades obxecto de colaboración.
- d) Referencia á lexislación aplicable ao convenio.
- e) Compromisos asumidos polas partes.
- f) Achegas a realizar polo patrocinador, especificando a súa valoración, prazo e condicións de entrega.
- g) Programa e partida orzamentaria na que se ingresarán as achegas realizadas polo patrocinador.
- h) Prazo de realización das actividades patrocinadas, con expresión das datas estimadas para o seu inicio o finalización.
- i) Prazo de duración do convenio e datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a súa posible prórroga.
- j) Causas de resolución do convenio

Achégase no **Anexo II** o modelo de convenio de colaboración.

CUARTA.- ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE COLABORACIÓN.

Poderase colaborar nas actividades municipais relacionados no **Anexo I** destas bases.

QUINTA.- ENTIDADES COLABORADORAS

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

SEXTA.- MODALIDADES DAS ACHEGAS.

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como en **especie**. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración.

Sempre que a actividade o permita, as achegas poderán proceder de varios colaboradores. En tales casos, cada colaborador formalizará o seu respectivo convenio de colaboración.

SÉTIMA .- PUBLICIDADE E PRAZOS.

A publicación das convocatorias con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOP Pontevedra e na páxina web municipal con arranxo ao seguinte calendario:

- a) Para os programas “**Samain**” e “**Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- b) Para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- c) Para o programa “**VIGO EN FESTAS**” a publicación queda condicionada á resolución do decreto do concelleiro delegado de Festas polo que se aproba as actividades que compoñen o programa antedito.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 10 días naturais contados dende o día de publicación no BOP Pontevedra .

OITAVA.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

As propostas serán achadas xunto coa instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo III**) e deberán recoller, a seguinte información:

- Razón social, CIF, enderezo, localidade, código postal.
- Nome do representante legal, DNI, teléfono de contacto, correo electrónico.
- Programa co que desexa colaborar.
- Modalidade da achega. En caso de achega monetaria a cuantificación e en caso de achega en especie, valoración económica.
- Memoria da proposta en caso de colaboración en especie.

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

NOVENA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Área e como secretario/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:



Concello de Vigo

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.
- d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCION

Os datos dos solicitantes e beneficiarios e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- ACHEGAS MONETARIAS.

As achegas monetarias realizadas en concepto de colaboración, terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de Dereito Privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril. As achegas monetarias poderán xerar créditos no estado de gastos dos orzamentos correspondentes, sempre que concorran os requisitos indispensables sinalados no artigo 44, concordantes e seguintes do citado Real Decreto.

No caso de que a actividade patrocinada non se chegase a executar por causa non imputable ao patrocinador, procederá o reintegro total o parcial da achega monetaria aportada polo patrocinador. Noutros casos non procederá resarcimento ningún.

A fase de execución do convenio de patrocinio realizarase polo servizo de Festas, debendo responder do grado do seu cumprimento mediante a emisión do oportuno informe

DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO DE RESOLUCIÓN, SENTIDO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO E RECURSOS.

Dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ata que se adopta acordo da Xunta de Goberno Local respecto da selección dos colaboradores, non poderá transcorrer máis de tres meses.

En caso de que en dito prazo non se resolva polo órgano competente, entenderase que o sentido do silencio administrativo é negativo.

Contra o acordo da Xunta de Goberno Local poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición fronte ao mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao de notificación ou publicación do acordo, ou ben recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Reguladora da Xurisdición contencioso Administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN.

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e rexeráse naquilo que non está disposto no mesmo, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, y de los incentivos fiscais o Mecenazgo e en Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, que contén o seu desenvolvemento regulamentario, e de forma supletoria pola Lei 9/2017 de Contratos do Sector público

2.-CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS:.....

PRIMEIRO.- OBXECTO

A estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresariais con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral organizadas polo Concello de Vigo, a través das bases e da convocatoria anual.

SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN.

Poderán ser obxecto de colaboración as actividades municipais relacionados no **Anexo I** das bases reguladoras.

TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS..

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incorridas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración.

Sempre que a actividade obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio de colaboración segundo o modelo do **anexo II**.

QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A publicación das convocatorias con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOPPO e na páxina web municipal con arranxo ao calendario recollido na base SETIMA:

- a) Para os programas **“Samain”** e **“Nadal”** o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- b) Para os programas **“Cabalgata de Reis”** e **“Entroido”** o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.



Concello de Vigo

c) Para o programa “**VIGO EN FESTAS** ” a publicación queda condicionada á resolución do decreto do concelleiro delegado de Festas, polo que se aproba as actividades que compoñen o programa antedito.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 20 días naturais contados dende o día de publicación no BOPPO .

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Todo isto farase mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo III**)

SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR AS BASES E FORMULARIOS :

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día da publicación no BOPPO.

SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Área e como secretario/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.

d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.

e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

ANEXO I

ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.

1.- CABALGATA DE REIS:

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro:

Data e hora: 5 de xaneiro as 18,00 horas

Percorrido: determinarásese en cada convocatoria

Temática: determinarásese en cada convocatoria

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL.

Descrición da actividade: Eventos socioculturais infantís, familiares e de público xeral desenvolvidos entre o 15 de decembro e o 8 de xaneiro.

Datas e horarios: determinarásese coa aprobación da programación.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** para colaboración na realización de obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar ou infantís, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación de Nadal).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

3.-ENTROIDO

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concursos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra actividade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determinarásese coa aprobación da programación anual

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

4.-PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”.

Descrición da actividade: Programa de actividades desenvolvidas ao longo dos meses de xullo e agosto que comprende: Concertos no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, concertos na rúa ou espazos de interese, festas gastronómicas, actividades infantís e familiares, animacións de rúas,



Concello de Vigo

actuacións musicais de pequeno formato na rúa, exhibicións de carácter sociocultural, e outras actividades de interese xeral que poidan ser encadradas no programa "Vigo en Festas".

As actividades que compoñan o programa "**VIGO EN FESTAS**" estarán recollidas anualmente nun decreto asinado polo concelleiro de Festas. A convocatoria anual de colaboracións para este programa realizarase unha vez que estea asinado o antedito decreto.

Datas e horarios: Determinaranse no decreto de composición do programa VIGO EN FESTAS.

Forma de colaboración: Dadas as diferentes tipoloxías das actividades que compoñen o programa VIGO EN FESTAS, e tendo en conta os diferentes públicos aos que van destinadas (infantil, familiar, xuvenil, etc), as formas de colaboración (dineraria ou en especies) para cada unha das actividades que compoñen o programa, estableceranse na convocatoria anual.

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

5.- SAMAIN

Descrición da actividade: Programa de actividades destinadas ao público infantil e familiar desenvolvidas nos meses de outubro/novembro que comprende: obradoiros infantís e familiares, actuacións musicais, pasacalles, etc.

Datas e horarios:

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie**

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

ANEXO II

MODELO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E..... PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DO PROGRAMAano 20..

Vigo, ----- 20

REUNIDOS

Dunha parte, don Pablo Luis Estévez Rodríguez, na súa calidade de Concelleiro-delegado da área de Participación Cidadá e Festas do CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de data 17 de agosto de 2020.

Doutra parte, D. -----, con DNI -----, en representación da -----, CIF-----, con domicilio social na cidade da -----

MANIFESTAN

Primeiro.- O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión do seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades y aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Segundo.- Que a finalidade do convenio é acadar a colaboración da empresa-----, co Concello de Vigo no fomento de actividades socioculturais, turísticas, deportivas e principalmente festivas, todas elas de interese xeral, que se celebren na cidade de Vigo, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Terceiro.- Que o presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo , a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

A difusión da participación do colaborador no marco nos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe prestación de servizos polo que se atopa excluído do ámbito de aplicación da lei 40/2015, do 1 de outubro do sector .

Cuarto.- Que o Concello ten competencia para recibir achegas económicas a tenor do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concepto de ingreso de natureza non tributaria de dereito privado, e é unha das entidades beneficiaria de mecenado de conformidade co artigo 16 apartado b) da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Quinto.- Que por tanto, o Concello e O COLABORADOR teñen un especial interese en colaborar na citada actividade, mediante o instrumento de Convenio de Colaboración Empresarial previsto no devandito artigo 25 de Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Por todo elo, as partes intervenientes acordan subscribir o presente convenio de Colaboración con suxeición os seguintes:

PACTOS

Primeiro.- Obxecto do convenio.

O presente convenio entre o Concello de Vigo e o Colaborador en actividades de interese xeral ten por obxecto establecer a colaboración económica da actividade----- que terá lugar en Vigo o día-----de -----de 2019.

Co fin de acadar dito obxecto, o Colaborador asume o compromiso de efectuar as achegas (económicas/ en especie/) que se indican no segundo pacto e o Concello a difundir a participación do colaborador, a cambio das axudas económicas para a realización das actividades de carácter-----que se pretende levar a cabo.



Concello de Vigo

Segundo.- Natureza.

Ambas as dúas partes declaran que o presente convenio de colaboración en proxectos ou actividades culturais de interese social ten a natureza dos previstos na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 24 de la Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade.

A tódolos efectos, a difusión da participación do Colaborador no marco do establecido no presente convenio non constitúe unha prestación de servizos.

Terceiro.- Compromisos das partes

O COLABORADOR coa sinatura do presente convenio, asume o compromiso de efectuar as achegas económicas (parciais o totais) por importe de----- () de euros ao patrocinado que serán necesariamente destinadas para este evento -----citado.

O COLABORADOR participará na actividade-----con unha achega en especie valorada en -----euros e que consistirá en-----

O importe indicado será ingresado polo COLABORADOR mediante transferencia bancaria a favor do CONCELLO na conta da oficina principal de IBAN nº ES48 2080 5000 6331 1007 0132, nos quince días naturais seguintes á sinatura do convenio. O Tesoureiro do Concello de Vigo emitirá unha certificación acreditativa do pagamento polo importe ingresado.

Cuarto.- Accións de difusión da colaboración.

En virtude do presente convenio O CONCELLO comprométese a difundir por calquera medio a participación do colaborador nas citadas actividades e en concreto-----

En especial, o Concello utilizará o logotipo do colaborador en calquera soporte que sexa utilizado para difundir as actuacións proxectadas ou en fase de realización, con especial mención, no seu caso, á avaliación da achega económica de aquela.

Quinto.- Comisión de Seguimento e duración do convenio

Ambas partes constituirán una Comisión Mixta formada por dous membros por cada unha das partes, que terá como funcións o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes. Tamén resolverá os problemas que poidan surxir no desenvolvemento do mesmo.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata a data de remate do evento.

Sexto.- Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas legais, o presente convenio poderá ser resolto polos motivos seguintes:

- Por mutuo acordo das partes intervinientes.
- O incumprimento por calquera das partes de algunha das obrigas que se establecen neste convenio que non fora emendado nun prazo de dez días dende que se comunicase tal circunstancia á outra parte.

Sétimo.- Publicidade

Conforme ao establecido normativa sobre transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, el presente convenio será publicado na web do Concello de Vigo.

Noveno.- Protección de datos

Cada unha das partes obrigarase a cumprir coas obrigas en materia de protección de datos e acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Décimo. Propiedade intelectual.

Ningunha das manifestacións que contén o presente convenio supón a cesión ou transmisión de calquera dereito da propiedade intelectual ou industrial, titularidade, nin do Colaborador nin do Concello.

O uso indebido ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio, por algunha das partes, de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade industrial ou intelectual, facultará á parte prexudicada para resolver o presente convenio e pedir a correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houbese lugar.

Úndecimo.- Normativa aplicable e xurisdición.

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial conforme o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, e artigos 111 Texto Refundido de disposicións vixentes locais, , lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, a Lei 39/2015, do 2 de novembro, de procedemento administrativo común, Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

Duodécimo - Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento

En proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por triplicado, no lugar e data que se indican.

Pola ENTIDADE

Polo CONCELLO DE VIGO

O Concelleiro de Participación Cidadá e Festas



Concello de Vigo

ANEXO III

**INSTANCIA-FORMULARIO DE
SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS
E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.**

NOME DA ENTIDADE:
CIF.....ENDEREZO.....
LOCALIDADE.....CÓDIGO
POSTAL.....

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE:.....
NIF.....TELÉFONO DE CONTACTO.....
CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:

- CABALGATA DE REIS:
- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL:
- ENTROIDO:
- PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”:
- SAMAIN:

OUTRAS PROPOSTAS NON INCLUÍDAS NA PROGRAMACIÓN ANUAL DO SERVIZO DE FESTAS:

.....
.....
.....

FORMA DE COLABORACIÓN:

- **MONETARIA:** **IMPORTE DA ACHEGA:**.....
- **EN ESPECIE:** **VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA**

* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.

En, ade.....de 20....

Asdo.:

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

TERCEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra e páxina web do Concello aos efectos do xeral coñecemento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(849).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9563/224.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 08/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 05/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 19 de decembro de 2019, acorda adxudicar á FUNDA-CIÓN ALDABA (G-82.453.606), o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero por un prezo total do contrato por un ano de duración por importe de 28.509,98 euros (contrato exento de IVE).

En data 26.12.2019 o Concello de Vigo (a través da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal), e a entidade adxudicataria (a través do representante da entidade), asinan o contrato. A cláusula 5ª do mesmo establece que o prazo do contrato é de 1 ano, dende o día seguinte á última sinatura. Están contempladas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

En data 27.12.2019 realízase a última firma no contrato correspondente á sinatura da Secretaria do Goberno Local polo que o contrato entra en vigor o día 28 de decembro de 2019. Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses.”*

Co obxecto de propoñer a aprobación da primeira prórroga do contrato este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha primeira prórroga do contrato.

Consta no expediente escrito do representante da entidade adxudicataria de data 23.09.2020 onde manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato (documento núm. 200172165).



Concello de Vigo

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 28 de decembro de 2020 ao 27 de decembro de 2021 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período desta prórroga é necesario comprometer o importe total de 28.509,98 €. As obrigas económicas derivadas da primeira prórroga do contrato serán atendidas a conta da dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2021 da Concellería de Igualdade na partida orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero desde o 28 de decembro de 2020 ao 27 de decembro de 2021, ambos incluídos, coa entidade "Fundación Aldaba" (G-82.453.606), actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2019.

2º.- Aprobar o gasto de 28.509,98 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2021 na partida orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do futuro exercicio 2021 da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(850).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO DO ANO 2020. EXPTE. 10418/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 6/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, nos meses de agosto e setembro do ano 2020.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9918-224	CMSR	Traballos de limpeza e mantemento de sinais e placas identificativas que integran o Roteiro Feminino Sons de Mulleres	Van Divulgación Cultural S L	23112279901	03/08/2020	423,50 €
10200-224	CMSR	Organización das Xornadas de Coeducación "coeducar para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero"	Avalia Grupo de Coordinación S L	23112279906	07/08/2020	6.878,85 €
10323-224	CMSU	Adquisición de elementos de protección fronte á covid-19 destinados aos centros de traballo adscritos ao Servizo de Igualdade	Cíes Atlántico S L Unipersonal	23112219900	25/09/2020	4.811,14 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(851).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESBROCE E LIMPEZA DE BIOMASA VEXETAL EN FINCAS CON RISCO DE INCENDIOS. EXPTE. 12747/446.

Visto o informe xurídico do 30/09/2020 e o informe de fiscalización do 06/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/09/2020, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Área de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 4 de decembro de 2019, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de *Desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendios*.

2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 4 de decembro de 2019, o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolve iniciar o expediente de contratación.



Concello de Vigo

- 3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 27 de xullo de 2020, así-nase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais.
- 4.- A Memoria xustificativa, de data 27 de xullo de 2020, así-nase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, de data 28 de xullo de 2020.
- 5.- En data 31 de xullo de 2020, a Intervención municipal emite os correspondentes documentos contables de retención de crédito, RC 202000049626, por un importe de 225.000,00€ correspondentes aos meses de setembro a decembro de 2020, e RCFUT1 202000049627, por un importe de 300.000,00€ correspondentes ao ano 2021 (de xaneiro a decembro).
- 6.- En data 28 de agosto de 2020, a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- 7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) así-nase pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación, por ausencia da xefa do Servizo de Contratación, en data 25 de setembro de 2020.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais acorda iniciar o expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada toda vez que o seu valor estimado supera os 221.000 euros (artigo 22 da LCSP).

De conformidade cos artigos 28 e 134 da LCSP, na data 25 de agosto de 2020 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de información previa do contrato.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do contrato de servizos de *Desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendios*, así como o prego de prescricións técnicas particulares



Concello de Vigo

asinado na data 27 de xullo de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 25 de setembro de 2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 525.000,00€, que inclúe un IVE de 91.115,70€ , o cal se imputará á partida 1710.2279900 “PRESTACIÓNS DE SERVIZOS ESPECIALIZADOS”, que se distribuirá en dúas anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2020	225.000,00€
2021	300.000,00€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(852).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO DE 2020. EXPTE. 2804/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 08/10/2020, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de agosto e setembro de 2020.

Expediente	2778-334. CONTRATACIÓN PARA GARANTIR O CUMPRIMENTO DAS NORMAS VERBO DA COVID-19 EN 13 ESPECTÁCULOS AO AIRE LIBRE NO MES DE SETEMBRO A NOME DE EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, SL CIF B 27858398
Resolución concelleira	data 9 de setembro de 2020
Informe Intervención	RC 54381
Adxudicatario	Eventos espectaculares del Noroeste
Importe	1.431,43 euros

Expediente	2793-334. RECOLLIDA, TRATAMENTO DE PUBLICACIÓN DO LIBRO SOBRE A TOPONIMIA DE PARROQUIA DE TEIS, CORRESPONDENTE Á COLECCIÓN TOPONIMIA DO VAL DO FRAGOSO
Resolución concelleira	data 30 de setembro de 2020
Informe Intervención	RC 27592
Adxudicatario	Vera Álvarez Suárez
Importe	1.863,00 euros orzamentos ano 2020 1.242,00 euros orzamentos ano 2021

Expediente	2796-334. REALIZACIÓN DUN CURSO BÁSICO DE LINGUA GALEGA, CUNHA DURACIÓN DE 42 HORAS, ENTRE OS MESES DE OUTUBRO E DECEMBRO, DIRIXIDOS A PÚBLICO ADULTO
Resolución concelleira	data 25 de setembro de 2020
Informe Intervención	RC 57213
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini
Importe	1.512,00 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(853).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENTORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DE 2020. EXPTE. 10011/307.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada da mesma, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o terceiro trimestre de 2020.** Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou. Se inclúen no listado os contratos menores tramitados para o desenvolvemento do VI PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA:

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9891	Servizos organización e xestión das xornadas, talleres e batalla mural do programa Vigo, cidade de cor 2020, dentro da VI edición do programa municipal de medianeiras	Proxecto Ewa G278-XXX16	15.972
9749	Participación no VI Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública	Álvaro Javier González Riquelme 266XXX11B	7.000



Concello de Vigo

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9746	Participación no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública	Carolina Sánchez Sanz 124XXX15E	5000
9967	Subministración de 32 carteis informativos das III xornadas de arte urbano e unha "batalla mural", actividade enmarcada no VI programa de medianeiras	Gráficas Anduriña F360XXX89	638,88
9758	Participación no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública	Félix Rafael Molina Fernández (pasaporte) 115XXX803	8000
9894	Dirección das obras do VI programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	Ignacio Hortas López 770XXX81Q	7139
9899	Coordinación da seguridade e saúde das obras do VI programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	Xiana Alonso Población 361XXX39J	4719
9755	Participación no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública	Juan Abia Presa 361XXX31A	2000
9765	Participación no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública	Alejandro Fernández Pérez 361XXX34E	3500
9906	Coordinación, xestión e contextualización das actividades de verán no xacemento arqueolóxico villa romana de Toralla	Asociación cultural e recreativa Miramvicus G278XXX18	4500
9905	Concertos os xoves de agosto 6 e 13 no marco das actividades de verán no xacemento arqueolóxico da villa romana de Toralla	Asociación cultural Orquestra Vigo 430 G277XXX75	5000
9904	Concertos os xoves de agosto 20 e 27 no marco das actividades de verán no xacemento arqueolóxico da villa romana de Toralla	Orquesta Clásica de Vigo G366XXX22	3100
9915	Reposición dunha cristaleira rota por actos vandálicos no peche perimetral do xacemento arqueolóxico villa romana de Toralla	Xestión Ambiental de Contratas S.L. B367-XXX84	307,63
9934	Subministración de mamparas de separación para a adopción de medidas de seguridade polo Covid19 nos equipamentos municipais xestionados por Patrimonio Histórico	Garciventa B367X-XXX70	3933,41

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9936	Mantemento e posta en valor do entorno do ombú (árbore senlleira IES O Castro) no marco do VI programa de medianeiras	Viveiros Adoa S.L. B363XXX64	16874,4 8
9945	Subministración de material técnico especial (sinais, balizas e vinilos) da sinalización de patrimonio histórico e arqueolóxico de Vigo	Van divulgación cultural S.L. B-369XXX01	17947,3 2

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10- NOMEAMENTO INTERINO DUN DIPLOMADO EN TRABALLO SOCIAL PARA A ÁREA DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 36423/220.

Visto o informe de fiscalización do 08/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/10/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o Xefe da Área de Benestar Social coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Política Social, presenta escrito solicitando a urxente tramitación do expediente de cobertura de dous/dúas prazas de auxiliar administrativo, e unha praza de diplomado/a en traballo social para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas a Área de Benestar Social.

II.- Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, e no que, entre outras cuestións, consta que:

“... En consecuencia non se pode cubrir ningunha praza vacante a maiores desta categoría de auxiliar, salvo que:

1.- Se proceda a aprobación da oferta de emprego correspondente ao ano 2020, na que se inclúan vacantes de esa categoría, en número superior a tres, toda vez que xa foron nomeadas interinamente tres efectivos con cargo a esta futura oferta.

2.- Se produza algunha nova baixa por xubilación, invalidez, excedencia voluntaria, etc, que permita a súa cobertura interina, previa autorización por la Concelleira-delegada.”

III.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, dispuxo ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento le-



Concello de Vigo

gal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, no que respecta a cobertura da vacante de diplomado/a en traballo social.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo*

dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En relación a existencia de prazas vacantes, consta unha praza vacante de diplomado/a en traballo social en disposición de ser cuberta interinamente, segundo o informe técnico referido no punto segundo dos antecedentes de este informe e anexo ao expediente. Así “*Neste intre o Servizo conta con dúas vacantes desta categoría profesional, unha delas que figura na proposta técnica de OEP-2020 para incluír na mesma e outra producida en data 01/05/2020, pola xubilación da titular da praza, e que nestes intres está en condición de ser cuberta interinamente.*”

Segundo o artigo 128.2 do TRRL: “*No podrá nombrarse personal interino para plazas no incluídas en la OEP, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación. El personal que ostentare la condición de interino cesará automáticamente al tomar posesión como funcionarios de carrera los aspirantes aprobados en la respectiva convocatoria. Sólo podrá procederse al nombramiento del nuevo personal interino*



Concello de Vigo

para las plazas que continúen vacantes una vez concluidos los correspondientes procesos selectivos”.

Pola súa banda, o artigo 10.4 do TREBEP: *“En el supuesto previsto en la letra a) del apartado 1 de este artículo- plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.-, las plazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos- deberán incluirse en la oferta de empleo correspondiente al ejercicio en que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización.*

No caso que nos ocupa, e segundo o informe técnico referido, trátase dunha vacante producida o 01/05/2020, polo tanto con posterioridade á aprobación da OEP 2019. Polo tanto a referida praza, deberá ser incluída na OEP 2020, de non ser posible, no ano seguinte, salvo que proceda a súa amortización.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Ditos nomeamentos será revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da OEP 2020, o de non ser posible o ano seguinte (salvo que proceda a amortización da praza), segundo o caso.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (Diplomado/a Traballo Social, cód. 81), adscritos ao Servizo de Benestar Social, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do Xefe da Área de Benestar Social coa conformidade da Concelleira delegada de Política Social, referido no punto I dos

antecedentes de este informe, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do servizo de Benestar. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente:

“ O presente expediente do nomeamento interino con cargo a praza vacante dunha praza de Diplomado en Traballo Social, cód. 81 da Relación de Postos de Traballo vixente, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sería de imputación ao exercicio económico 2020 e seguintes, ata a súa cobertura definitiva.

O custe máximo anual para presente ano 2020 deste nomeamento será de **12.603,81€** (dos que **9.974,71€ corresponden a retribucións** e, **2.629,10 a seguridade social a cargo ao empregador**), toda vez hai que imputalo a un máximo de 3 meses, xa que non estaría en condicións de ser nomeado/a ata polo menos o 01 de outubro próximo e, toda vez que os créditos dos oito primeiros meses deste ano (xaneiro a agosto) xa foron utilizados nas modificacións orzamentarias número 15/20, 21/20, 24/20, 31/20, 36/20, 44/20 e, 60/20 , exptes. 35335/220, 35477/220, 35599/220, 35710/220, 35827/220, 35975/220 e, 36295/220, respectivamente, de modificación de créditos para suplementalas partidas 920.0.1400000, 920.0.1510000, 920.0.150.0000, 920.0.160.0009 e, 221.0.161.0400 , do Capítulo I de Gastos, por un total de 5.589.401,40€.”

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente



Concello de Vigo

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomados/as Traballo Social, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Traballador/a Social a, X Saavedra Cotilla con dni ***6029**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a con cargo a vacante, **como Diplomado/a en traballo social**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto de **12.603,81€** (dos que **9.974,71€ corresponden a retribucións e, 2.629,10 a seguridade social a cargo ao empregador**). Elo, con cargo as seguintes partidas orzamentarias: 120.00100 (soldo base, por un importe anual de 14.069,38€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 9.453,92€), 121.0101 (complemento específico por un importe anual de 16.375,52€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 10.516,44€).

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a, con cargo á praza vacante da OEP 2020, como **Diplomado en traballo social** a: *X Saavedra Cotilla con dni ***6029***, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extinguíndose automaticamente no momento que se cubran definitivamente dita praza (previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público), que deberá incluírse na OEP correspondente ao ano 2020, e de non ser posible ao ano se-

guinte (salvo que proceda a súa amortización); sendo adscrito ao Servizo de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo o aspirante nomeado, o Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(854).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA A CONEXIÓN MEDIANTE FIBRA ÓPTICA ENTRE EDIFICIOS DO CONSORCIO E A COLOCACIÓN DE PANEIS INFORMATIVOS. EXPTE. 115576/210.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 01/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/07/2020, asinado polo enxeñeiro técnico industrial, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I

O Consorcio da Zona Franca de Vigo propón ao Concello de Vigo a celebración dun Convenio administrativo (doc. 200134139, de 23 de xullo) para a despregadura dunha nova infraestrutura de fibra óptica.

II



Concello de Vigo

En concreto, o seu obxecto é segundo se deduce do texto da proposta

“... posibilitar y establecer el marco mediante el cual el Ayuntamiento de Vigo autoriza al Consorcio de la Zona Franca de Vigo a hacer uso de las canalizaciones y acometidas de la fibra óptica de la red semafórica municipal, a lo largo de unos 14 kilómetros aproximadamente, para hacer posible la conexión con fibra óptica monomodo entre diferentes recintos y edificaciones propiedad del segundo, así como a la instalación de 3 postes con paneles informativos de señalización variable en vías públicas, y este último cede al Ayuntamiento de Vigo 12 fibras ópticas monomodo a lo largo de la distancia antes indicada”.

III

En canto á súa vixencia, di o texto do Convenio proposto que

“La duración del convenio será de cuatro años, con posibilidad de prorrogarlo otros cuatro años más.

Resultará eficaz una vez se haya inscrito en el Registro Electrónico estatal de órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal y se haya publicado en el Boletín Oficial del Estado, asumiendo el Consorcio de la Zona Franca de Vigo el cumplimiento de estos extremos”.

IV

O Convenio proposto non implica para as partes asinantes o recoñecemento e liquidación de obrigacións económicas, pero si compromisos económicos que para o Concello de Vigo implican un importe correctamente estimado de 17.578,40 euros, (0,00086 ml/día) correspondentes ao coste do mantemento da rede de fibra óptica obxecto do Convenio, segundo cadro de prezos do vixente contrato de servizos de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo, (Expte.: 105.916-210).

V

A nova instalación da fibra óptica aproveita, en canto interesa, os conductos da rede de fibra óptica que o concello ten despregada na cidade para a xestión da mobilidade, cuxa xestión e mantemento corresponde á UTE ESYCSA-ETRA I+D MOVEAS VIGO, adxudicataria do contrato de xestión da mobilidade (105.916-210).

VI

Os postes de sinalización variable teñen por obxecto proporcionar información pública en tempo real aos usuarios de aparcamentos subterráneos en réxime de concesión do Consorcio da Zona Franca.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I

O concello de Vigo ostenta plena capacidade xurídica para obrigarse segundo o obxecto do Convenio proposto, en canto vinculado este ao exercicio de competencias propias (arts. 5 e 25.2 letra g da Lei de bases do réxime local; art. 7 da Ley de Tráfico aprobada polo RDL 6/2015).

Asimesmo, se recoñece e respecta a capacidade xurídica do Consorcio da Zona Franca de Vigo, coa proposta dun Convenio autorizada polo Ministerio de Facenda do que aquel depende.

II

Estamos diante dunha proposta de Convenio típico, de natureza administrativa, obxecto de regulación legal no Capítulo VI da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, cuxos preceptos resultan rigorosamente respectados.

III

A celebración e execución do Convenio proposto non implica recoñecemento e lidquidación de obrigas económicas entre as partes.

Si comporta para o Concello obrigacións económicas, por un importe total de 17.578,40 euros, (0,00086 ml/día) correspondentes ao coste do mantemento dos dous cables da rede de fibra óptica obxecto do Convenio.

Este coste resulta imputable ao actual contrato de xestión da mobilidade, sen necesidade de modificación do mesmo.

IV

Do mantemento do cable de fibra óptica do Consorcio da Zona Franca queda excluída a conexión cos seus edificios (Anexo III RD 346/2011)

V

O contido prestacional derivado do texto do Convenio proposto resulta esencialmente equilibrado, e potenciador dos fins propios do instituto convencional.

Para o Consorcio da Zona Franca implica unha millora de eficiencia e eficacia no funcionamento ordinario das súas infraestruturas e instalacións físicas na cidade.

Para o Concello de Vigo supón incrementar exponencialmente a capacidade de conectividade de todas as infraestruturas actuais e futuras vinculadas á nova xestión da mobilidade intelixente e sostible, en fase de concepto (prueba piloto) ou de produción, e por tanto disposta aquela tanto para desenvolvedores da industria como para uso e disfrute dos correspondentes servizos resultantes para o conxunto da cidadanía.

Perspectivas meramente singulares que, con tal de reparar na parcial converxencia dos fins institucionais propios das partes, non agotan necesariamente todos os efectos favorables derivados da sinatura do Convenio proposto.



Concello de Vigo

VI

A duración proposta para o Convenio (4+4) resulta adecuada ao actual estado de madurez do ciclo de vida propio da tecnoloxía de fibra óptica.

VII

En compendio: repútase valioso para o interese xeral o texto do Convenio proposto, sen tacha.

VIII

No expediente consta a inexistencia de débedas esixibles entre as partes.

IX

A competencia para aprobar a celebración do Convenio corresponde á Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

Por cantas consideracións de feito e de dereito se teñen dito,

En uso das funcións que legalmente me corresponden,

Previos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral,

Veño en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade,

Elevar á Xunta do Goberno Local proposta de acordo de aprobación e sinatura do Convenio coa Zona Franca de Vigo para a despregadura dunha nova infraestrutura de fibra óptica, segundo o texto remitido polo propio Consorcio da Zona Franca de data 23 de xullo de 2020 (doc. 200134139) autorizado polo Ministerio de Facenda.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO
PARA A CONEXIÓN MEDIANTE FIBRA ÓPTICA ENTRE EDIFICIOS DO CONSORCIO E A
COLOCACIÓN DE PANEIS INFORMATIVOS

CCN/19/0008

REUNIDOS

Dunha parte, D. David Regades Fernández, con domicilio a estos efectos en Vigo, na Área Portuaria de Bouzas, s/nº.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, con domicilio a estos efectos en Vigo, en Praza do Rei, s/nº.

INTERVEÑEN

D. David Regades Fernández, en nome e representación do Consorcio da Zona Franca de Vigo (no sucesivo CZFV), en calidade de Delegado Especial do Estado no mesmo, cargo para o que foi nomeado por Real decreto 837/2018, de 6 de xullo.

D. Abel Caballero Álvarez, en nome e representación do Concello de Vigo, en calidade de Alcalde-Presidente, nomeado na sesión constitutiva do Pleno de data 15 de xuño de 2019, no exercicio das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de réximen local e polo artigo 61 de la Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o CZFV, creado mediante Decreto de 20 de xuño de 1947, é unha entidade de dereito público que depende do Ministerio de Facenda cuxo obxecto, según figura no seu Estatuto Fundacional (aprobado por Orden do Ministerio de Facenda de 24 de xullo de 1951, e modificado por Orden de 11 de maio de 1998) é, ademáis da explotación da Zona Franca, a contribución ao desenvolvemento e dinamización económica e social da súa área de influencia.

Segundo.- Que o CZFV é o titular, na cidade de Vigo, dunha serie de inmobles e recintos entre os que desexa establecer unha conexión con fibra óptica, aos efectos de que as comunicacións sexan o máis rápidas e seguras posibles.

Terceiro.- Que el Concello de Vigo, en base ao artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, ostenta como competencia propia, entre outras, as infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade (artigo 25.2 d) así como sobre o tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. É a administración titular dos espazos públicos sobre os que correrá a fibra óptica desde a rotonda da Avenida de Europa en adiante, conforme ao plano que se achega como Anexo I. Así mesmo, é o responsable do mobiliario urbano que se instale nas vías públicas de titularidade municipal.

Cuarto.- Que, aos efectos do sinalado no artigo 168 a) 2º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o Concello de Vigo informa que adxudicou á Unión Temporal de Empresas integrada por las mercantiles “Equipos de señalización y Control, S.A.” y “Etra Investigación y Desarrollo, S.A.” o contrato para a prestación do servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo. En virtude de dito contrato corresponde exclusivamente á adxudicataria o mantemento e conservación das infraestruturas da rede semafórica e as súas correspondentes canalizacións, polo tanto, a única que pode levar a cabo actuacións sobre a rede de fibra óptica que da soporte a dita rede semafórica en tanto en canto dito contrato esté vixente (ata decembro de 2027).

Quinto.- Que o Concello de Vigo dispón dunha licenza de software GIP para a xestión de paneis de información instalados na cidade relativos ao tráfico.



Concello de Vigo

Sexto.- Que o Concello de Vigo entende que a instalación dos paneis informativos contribúe a unha mellora da información que se ofrece á cidadanía e visitantes da cidade, evitando a formación de colas nos accesos próximos aos aparcamentos.

En base ao anterior, e ao mutuo interese das partes, estas acordan subscribir o presente CONVENIO que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Este convenio ten por obxecto posibilitar e establecer o marco mediante o cal o Concello de Vigo autoriza ao Consorcio da Zona Franca de Vigo a facer uso das canalizacións e acometidas da fibra óptica da rede semaforica municipal, ao longo duns 14 quilómetros aproximadamente, para facer posible a conexión con fibra óptica monomodo entre diferentes recintos e edificacións propiedade do segundo, así como á instalación de 3 postes con paneis informativos de sinalización variable en vías públicas, e este último cede ao Concello de Vigo 12 fibras ópticas monomodo ao longo da distancia antes indicada.

SEGUNDA.- DURACIÓN.

A duración do convenio será de catro anos, con posibilidade de prorrogalo outros catro anos máis.

Resultará eficaz unha vez se inscriba no Rexistro Electrónico estatal de órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e se publique no Boletín Oficial do Estado, asumindo o Consorcio da Zona Franca de Vigo o cumprimento destes extremos.

TERCEIRA.- COMPROMISOS ECONÓMICOS.

Neste convenio non hai intercambio monetario entre as partes asinantes.

Sen embargo, da súa formalización derívanse compromisos económicos para cada unha das partes, polo que a xestión, xustificación e resto de actuacións relacionadas cos gastos ou custos asumidos por cada parte, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.

O CZFV asumirá o pago que supoña a instalación dos cables de fibra óptica, conforme ao orzamento que se anexa, por un importe de 128.093,92 euros máis IVE.

O abono desta cantidade realizarao o CZFV á Unión Temporal de Empresas integrada polas mercantís "Equipos de sinalización y Control, S.A." e "Etra Investigación y Desarrollo, S.A." adxudicataria do contrato para a prestación do servizo público municipal de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria do Concello de Vigo.

Por outra parte, o CZFV licitará a subministración e instalación dos paneis informativos, así como o do mantemento destes últimos, abonando ao licitador que resulte adxudicatario o prezo que se determine como resultado de dita licitación, conforme aos seguintes prezos máximos:

IV. Tres paneis: 25.500 euros máis IVE.

Mantemento anual dos paneis, incluíndo licenzas software: 1.000 euros máis IVE.

O custo máximo que o Concello de Vigo asumirá coa subscripción do presente convenio fíxase en 17.578,40 euros.

CUARTA.- OBRIGACIÓNS DO CZFV.

Con independencia das que se recollen ao longo do presente convenio, comprométese a:

- 1) Asumir o custo que supoña a instalación de dous cables de 12 fibras ópticas monomodo ao longo dos, aproximadamente, 14 quilómetros de recorrido segundo plano que se achega como Anexo I, contratando para iso coa UTE integrada polas mercantís “Equipos de Señalización y Control, S.A.” y “Etra Investigación y Desarrollo, S.A.”, ao tratarse da única que pode intervir nas canalizacións da rede semafórica e da fibra óptica do Concello de Vigo.

Ceder ao Concello de Vigo un cable 12 fibras ópticas monomodo das sinaladas no punto anterior.

Instalar, ao seu custo, 3 paneis informativos de sinalización variable nos viais públicos de Cánovas del Castillo, República Arxentina e Areal, integrados co sistema de información municipal do Concello de Vigo. Cada panel terá tres liñas de información, unha por aparcamento, onde se indicará o nome do mesmo e o número de prazas dispoñibles no mesmo nese momento, tendo que tratarse dun panel formato europeo formado por:

1 fila ou panel de dimensións adecuadas para garantir a súa visibilidade na vía pública, decorado a unha cara en nivel 2. Conterá logos e un texto descritivo da información que se mostra nas filas inferiores.

3 filas ou paneis de dimensións adecuadas para garantir a súa visibilidade na vía pública, decorados a unha cara en nivel 2, indicando o nome do aparcamento, con electrónica incluída composta por 3 díxitos numéricos en cores vermello, ámbar e verde, para indicar prazas libres. As cores identificarán o grado de ocupación.

Poste de aluminio para soportar os paneis ou filas do panel, lacado en cor a elixir pola Comisión de Seguimento, das dimensións adecuadas para soportar o peso a unha altura adecuada en función da súa ubicación.

Tapas, accesorios e parafusos.

Implementar, a través do software do sistema de xestión centralizado dos aparcamentos do Centro Comercial A Laxe, A Estrela e A Laxe (antigo robotizado), uns servizos web para enviar ao sistema GIP instalado no Concello de Vigo a información de prazas libres en tempo real existentes en ditos aparcamentos.

Levar a cabo o mantemento dos paneis.



Concello de Vigo

QUINTA.- OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.

Con independencia das que se recollen ao longo do presente convenio, comprométese a:

- 1) Autorizar a canalización e instalación, a través da rede semaforica do Concello, de dous cables de 12 fibras ópticas monomodo ao longo dos, aproximadamente, 14 quilómetros de percorrido segundo plano que se achega como Anexo I
Esta autorización incluíra a obra civil necesaria para a conexión con fibra óptica monomodo mediante arquetas de entrada e as súas canalizacións externas ata o punto de entrada xeral nas respectivas edificacións (Anexo III RD 346/2011) propiedade de Zona Franca, obra esta última supervisada pola Área de Vías e Obras.
- 2) Autorizar a colocación dos paneis informativos de sinalización variable nas rúas Cánovas del Castillo, República Arxentina e Areal nos puntos que, técnicamente e en cumprimento da lexislación de seguridade vial, sexan posibles. A estes efectos, a comisión de seguimento do convenio reunirse para concretar a súa localización exacta, tendo que tratarse dun punto no que o Concello garante que existe acometida eléctrica ao pé do panel.
- 3) Asumir o mantemento en perfecto estado de conservación dos dous cables de 12 fibras ópticas monomodo ao longo dos, aproximadamente 14 quilómetros de percorrido segundo plano que se achega como Anexo I, incluíndo a reposición e reparación de aquelas que, polas circunstancias que sexan, resulten inoperativas ou inútiles á súa finalidade.
Esta obrigaón entenderase limitada á completa extensión dos dous cables de fibra excluíndo as arquetas de entrada e canalizacións externas ata o punto de entrada xeral nas respectivas edificacións (Anexo III RD 346/2011).
- 4) Enviar, desde o GIP instalado nos servidores do Concello a través da rede de comunicacións dos equipos de tráfico do Departamento de Mobilidade, a información recibida sobre prazas libres. Dita información actualízase de forma automática, como máximo, cada minuto.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Constituírase unha Comisión de seguimento do convenio onde se tratarán os problemas derivados da interpretación e execución do convenio. Esta comisión, constituída por tres representantes do CZFV, designados polo Delegado Especial do Estado, e tres representantes do CONCELLO DE VIGO, designados polo Alcalde-Presidente do mesmo, reuniránse polo menos unha vez durante a vixencia do presente convenio sen prexuízo de que, con carácter potestativo e a instancia das partes se reúna en máis ocasións.

SÉTIMA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

Este convenio realízase ao amparo do sinalado no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

OITAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

Conforme ao establecido no artigo 49.g da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a modificación do contido deste convenio requirirá acordo unánime dos asinantes, debendo formalizarse mediante adenda, conforme aos requisitos legalmente establecidos e previa autorización prevista no artigo 50 de la citada lei.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

O Convenio poderá extinguirse, ademáis de polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, polas seguintes causas:

- a) As sinaladas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- b) Imposibilidade sobrenatural para o seu cumprimento.
- c) Imposibilidade material de execución polas circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no convenio.
- d) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.

Se cando concurra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable máximo de 6 meses para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado 2 do artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos polas partes, procederase conforme ao sinalado no artigo 51.2 letra c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

No caso de incumprimento das obrigacións recollidas no presente Convenio, a parte incumpridora non terá que indemnizar economicamente ás outras por incumprimento das obrigacións do convenio ou pola súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

O presente Convenio rexerese polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e na Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que poidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdicción



Concello de Vigo

contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción.

O que asinan, en proba de conformidade, en Vigo, a día de de 2020.

12(855).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLO SERVIZO DE TURISMO NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DO ANO 2020. EXPTE. 7743/104.

Dáse conta do informe-proposta do 8/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Turismo (Resolución do 28/10/2020) e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, a Concelleira-Delegada Da Área de Festas e Turismo, M^a Carmen Lago Barreiro, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Turismo, funcional 4320, durante os meses de xullo, agosto e setembro do ano 2020, que se relacionan de seguido:

7701-104 (N) CM Servizo para Promoción das rutas guiadas a discapacitados físicos "Special Olympics" 4320.2269900	RCM 44250 ADM 45680	7.260,00 €	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO FUNDAMAR G27745397	2 MESES
7706-104 (N) CM Servizo para Inserción publicitaria no especial "Escápate cerca" do grupo Prensa Ibérica 4320.2279904	RCM 45019 ADM 45310	18.119,75 €	PRENSA IBÉRICA 360 S.L. B57447849	1 DÍA
7712-104 (N) CM Servizo para informe sobre locais axeitados para a localización da oficina de información turística 4320.2270602	RCM 50318 ADM 50988	1.161,60 €	TÉCNICOS EN TASAÇÃO S.A. A78116324	2 MESES
7714-104 (N) CM Servizo para inserción publicitaria da marca turística Vigo na revista "Conxemar"	RCM 50220 ADM 50348	2.408,00 €	CONXEMAR G36636819	6 MESES
7715-104 (N) CM Servizo para inserción publicitaria na revista "Industrias Pesqueiras"	RCM 50221 ADM 50872	2.891,90 €	SERVICIOS INDUSTRIALES PESQUEROS S.A. A36302647	3 MESES

7740-104 (N) CM Servizo para contratación de rutas guiadas caracterizadas para a promoción do turismo funerario de Vigo durante o Samain 2020 4320.	RCM 57607 ADM 58321	15.817,12 €	AGUIAS DE VIGO S.L. B27814359	3 MESES
7742-104 CM Servizo para inserción publicitaria na revista “Las recetas de nuestros restaurantes” 4320.2279904	RCM 58322 ADM 58817	695,75 €	PEPE CADAVEDO MARKETING&COMUNICACIÓN B36947489	3 MESES

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(856).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 12161/407.

Visto o informe xurídico do 29/09/2020 e o informe de fiscalización do 5/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/09/2020, asinado polo xefe dos Servizos Centrais e a concelleira-delegada de Urbanismo, que di o seguinte:

1.- Antecedentes e motivación.

1.1.- Traspaso do persoal do ente matriz ó Organismo Autónomo.

O Orzamento Xeral do Concello de Vigo para este exercicio 2020 (aprobado polo Pleno de 23.12.2019 e publicado no BOP de 27.12.2019) contempla a transferencia de 23 prazas do cadro de persoal do ente matriz ó cadro de persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O 23 de decembro de 2019 a Concelleira Delegada de Organización Municipal asinou unha resolución na que se ordena á Área de Recursos Humanos do Concello a tramitación dunha modificación da relación de postos de traballo (RPT) “*causando baixa no Concello de Vigo os postos de traballo asociados ás prazas obxecto de transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo, consonte ao previsto no capítulo I dos Orzamentos Municipais 2020*”.

O 10 de xaneiro de 2020 a Vicepresidente resolveu:

“Incoar expediente para a modificación da relación de postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo, incorporando os postos que se dan de baixa no Concello de Vigo como ente matriz”.

Desta resolución se deu conta ó Consello da Xerencia en data 14.01.2020.



Concello de Vigo

As prazas traspasadas polo Concello-ente matriz, son as seguintes:

- 4 Arquitectos/as.
- 1 Técnico/a Superior de Urbanismo.
- 4 Arquitectos/as técnico/as.
- 8 Delineantes.
- 3 Administrativos.
- 1 Alguacil-notificador.
- 1 Ordenanza.
- 1 Axudante de oficios.

Todas estas prazas son de funcionario, agás a de axudante de oficios. Destas prazas 5 están vacantes: 1 de técnico superior de urbanismo, 1 de arquitecto técnico, 1 de administrativo e 2 de delineante.

Os postos novos, como consecuencia da incorporación das citadas prazas, son os seguintes:

- Xefa/e de Area Técnica.
- Xefe/a de Desenvolvemento Urbanístico.
- Xefa/e de Barrios Históricos.
- Xefa/e de ITE-Conservación.
- Técnico Superior de Urbanismo (antigo posto de xefe/a de Cartografía):1.
- Arquitectos/as técnico/as: 4.
- Xefa/e de Información Urbanística (delineante).
- Xefa/e de grupo de Inspección de Urbanismo (delineante).
- Inspectores de Urbanismo: 2.
- Delineantes: 4.
- Xefa/e da Oficina de Secretaría.
- Administrativos: 2.
- Alguacil-notificador: 1.
- Ordenanza:1.
- Axudante de oficios: 1.

Mantense as denominacións e elementos dos postos tal e como estaban configurados na RPT do Concello, coas seguintes excepcións:

- O posto de xefe de Cartografía transfórmase en Técnico Superior de Urbanismo e se lle atribúen as retribucións complementarias dun posto non singularizado deste subgrupo A1: complemento destino 26 e específico 680.
- O antigo posto de “Xefa/e de grupo de Inspección Técnica de Obras”, pasa a denominarse “Xefa/e de grupo de Inspección de Urbanismo”, por adecuarse mellor as funcións desenvolvidas: a inspección urbanística abrangue mais que a inspección de obras.
- O sistema de provisión dos postos, no que se xeneraliza o concurso (ordinario ou específico), agás a xefatura da Área Técnica e a de Desenvolvemento Urbanístico, as que se lles asigna a libre designación.

- As condicións retributivas nos casos que lle afecte unha adecuación xeneralizada de postos equivalentes no conxunto do Concello: postos reservados para delineantes e inspectores de urbanismo (como se explica máis adiante).

1.2.- Adecuacións retributivas derivadas das aprobadas no Concello de Vigo.

Nas negociacións cos representantes sindicais da última modificación da relación de postos de traballo deste Organismo Autónomo (aprobada definitivamente o 16.01.2020) e do Orzamento vixente, acordouse implementar, na seguinte modificación da RPT que se tramitase, as adecuacións retributivas aprobadas no Concello de Vigo para os postos equivalentes nesta Xerencia de Urbanismo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020, aprobou definitivamente determinadas modificacións retributivas en postos equivalentes (por ter asignadas as mesmas funcións) ós seguintes postos da Xerencia:

- Delineante (5).
- Inspector Urbanismo (9).
- Programador de sistemas (1).
- Programador informático (1).

Estas variacións retributivas son as seguintes:

- Os postos de “delineante” pasan do complemento de destino 18 ó 21, cun incremento anual individual de 1.193,50 euros (5.967,50 euros para os cinco postos).
- Os postos de “inspector de urbanismo” pasan do complemento específico 312 (11.731,47 €/ano) ó 153 (12.923,26 €/ano), cun incremento anual individual de 1.191,79 euros (10.726,11 euros para os nove postos).
- O posto de programador de sistemas pasa do complemento específico 88 (15.674,82 €/ano) ó 305 (17.694,74 €/ano), cun incremento anual de 2.109,92 euros.
- O posto de programador informático pasa do complemento específico 307 (14.497,86 €/ano) ó 88 (15.674,82 €/ano), cun incremento anual de 1.176,96 euros.

As descritas variacións retributivas acadan un custo total anual de 19.890,49 euros, existindo crédito adecuado e suficiente na partida 1510.1210109 do vixente Orzamento que ten unha consignación de 20.000 euros.

1.3.- Modificación do complemento de destino do Xerente.

Segundo instrucións da Vicepresidente se modifica o complemento de destino do posto do Xerente, que pasa do nivel 28 (outorgado a determinadas xefaturas de servizo desta Xerencia) ó nivel 30, dada a súa condición de “órgano directivo”; conforme establecen os vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 85bis.1.b), ó referirse ó titular do máximo órgano de dirección dos Organismos Autónomos.



Concello de Vigo

2.- Fundamentación de feito e de dereito.

2.1.- Inclusión dos postos que figuraban na RPT e plantilla do Concello.

A inclusión dos postos que ata agora figuraban na relación de postos de traballo, ademais da necesidade organizativa, corrixe unha disfunción xerada desde a orixe do Organismo Autónomo en 1996, como ten advertido de forma reiterada o Secretario do Pleno e da Xerencia de Urbanismo e reiteradas ocasións (especificamente nos informes emitidos no expediente 11700/407, que obtivo aprobación definitiva pola Xunta de Goberno Local o 16.01.2020). Desta forma dáse cumprimento ó previsto no artigo 202.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que expresa que *“as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”*.

2.2.- A equiparación de dereitos do persoal do ente matriz co do Organismo Autónomo.

O artigo décimo quinto dos vixentes Estatutos desta Xerencia Municipal de Urbanismo expresa que *os dereitos e obrigas do persoal da Xerencia de Urbanismo serán os propios dos empregados públicos das Corporacións Locais e os que son derivados dos contratos específicos, do ordenamento xurídico vixente e de acordo regulador das condicións de traballo do Concello de Vigo*. En consecuencia, debe existir unha equiparación total entre postos idénticos como é o caso dos delineantes e dos programadores do servizo de Administración Electrónica.

Remitímonos pois as avaliacións realizadas polo departamento de Recursos Humanos para estes postos e incluídas nos informes técnicos integrados no expediente municipal núm. 33981/220, que recibe aprobación definitiva en acordo da Xunta de Goberno Local de 26.06.2020.

Ademais o órgano competente para a aprobación das adecuacións retributivas do Concello e da Xerencia o mesmo: a Xunta de Goberno Local. Existe identidade tamén na representación sindical coa que se somete a negociación as adecuacións retributivas.

En relación coa equiparación dos inspectores de urbanismo cos do Concello, neste suposto cómpre analizar a equiparación nas funcións desenvoltas por ambos colectivos. Neste caso a adecuación retributiva supón a inclusión da seguinte función na correspondente guía dos inspectores de urbanismo, de igual forma que recolle o acordo da Xunta de Goberno Local de 26.06.2020 para os inspectores do Concello:

- *Obrigatoriedade de condución de vehículos no desempeño axeitado das funcións do posto de traballo e cometidos propios do mesmo, sendo responsabilidade do empregado ter vixente o seu carné de conducir.*

Ó igual que no Concello, as funcións de inspección urbanística realízanse habitualmente en vehículo propio, por non ter medios esta Xerencia para o desprazamento de todo o persoal que ten que facer “traballo de campo”.

Polo tanto, a asignación desta parte do complemento específico estará condicionada á obriga de poñer a disposición deste Organismo o seu carné de conducir que deberá permanecer vixente.

2.3.- Competencia do Organismo Autónomo.

En relación coa regulación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (aprobados polo Pleno de 6.09.2010 e publicados no BOP de 6.10.2010), o seu artigo décimo cuarto expresa que este Organismo Autónomo dispón dos seguintes efectivos:

- a) Persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo en réxime de adscrición.
- b) Persoal funcionario de carreira propio do organismo autónomo.
- c) Con carácter excepcional, persoal laboral fixo ou temporal

O artigo segundo dos citados Estatutos, no seu apartado 2º, determina que *“para o cumprimento das súas finalidades, goza de personalidade xurídica pública propia, capacidade xurídica, con patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión.”*

O apartado 3º deste artigo segundo dos Estatutos expresa que *“na súa calidade de administración pública, dentro da esfera das súas competencias e de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a Xerencia Municipal de Urbanismo ten as potestades administrativas propias seguintes”,* entre elas: *“a) Potestade de auto-organización”.*

2.4.- Órgano competente de aprobación.

O artigo terceiro, punto 8, dos Estatutos da Xerencia atribúe ó Concello a aprobación da relación de postos de traballo, que desde de acordo co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, é competencia da Xunta de Goberno Local.

O artigo décimo, punto 1, dos propios Estatutos da Xerencia establecen que *“correspóndelle ó Consello da Xerencia elevar ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local propostas de resolución das seguintes materias: ...f) Proposta de aprobación...da relación de postos de traballo do organismo autónomo,...”.*

2.5.- Contido e tramitación.

O artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 261 de 31.10.2015), establece que *“as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos”.*



Concello de Vigo

O artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG nº 82 de 04.05.2015 e BOE nº 123 de 23.05.2015), dentro do seu título X adicado a “especialidades do persoal ó servizo das entidades locais”, expresa:

1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas.

2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia ós órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.

De conformidade co artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, a modificación da relación de postos de traballo, require informe previo do Secretario, podéndose substituír por unha nota de conformidade sobre este informe xurídico e proposta (artigo 3.4 do propio RD 128/2018).

3.- Proposta

Unha vez negociada esta proposta cos representantes sindicais (reunións do 9 e 29 de setembro) e informada polo Secretario e o Interventor, a través do Consello da Xerencia, proporase á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co catálogo de postos que se achega como ANEXO.

Segundo.- Dispoñer a publicación de dita aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Terceiro.- Aprobar a modificación da guía de funcións dos inspectores de urbanismo, que figuran anexadas neste expediente (trámite 8).

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo en sesión do 13/10/2020, acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO Ó EXPEDIENTE 12161/407.**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO: CATÁLOGO DE POSTOS.****XEFATURA (400):**

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/ CI	TIT.	SIT	OBSERVA- CIÓNS	
400.01	Xerente	1	30	43.079,26	601	OD	LD	A1			1	T	ORGANO DIRECTIVO	
400.02	Xefa/e Oficina Xefatura	1	22	12.599,30	320	\$		CO	C1	AX	SA	3	P	
400.04	Administrativa/o	1	18	10.748,50	317	N		CO	C1	AX	SA	3	V	VACANTE

Oficina de Secretaría (401).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/ CI	TIT.	SIT	OBSERVA- CIÓNS	
401.01	Xefa/e de Oficina de Secretaria	1	22	12.599,30	320	\$		CO	C1	AX	SA	3	V	VACANTE
401.02	Administrativa/o	2	19	10.748,50	317	N		CO	C1	AX	SA	3	P	

I) DEPARTAMENTO DE SERVIZOS CENTRAIS (402 a 408):**I.1.- Servizos Centrais - Económicos (402).**

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/ CI	TIT.	SIT	OBSERVA- CIÓNS	
402.01	Xefe/a Servizos Centrais	1	28	31.949,40	625	\$		LD	A1	AE/ AX	TS	1	P	
402.02	Técnico Admón Xeral	1	26	19.277,30	680	N		CO	A1	AX	TS	99	V	INTERINA
402.03	Téc. Xestión Orzam./Tesourería	1	26	22.715,28	660	\$		CO	A2	AE	TM	2	P	
402.04	Xefe/a Oficina Servizos Centrais	1	22	12.599,30	320	\$		CO	C1	AX	SA	3	T	
402.05	Xefe/a Oficina Recursos Humanos	1	22	12.599,30	320	\$		CO	C1	AX	SA	3	T	
402.06	Administrativa/o	2	19	10.748,50	317	N		CO	C1	AX	SA	3	P/V	VACANTE (1)
402.07	Administrativa/o	1	19	10.748,50	317	N		CO	C1	AX	SA	3	P	

I.2.- Oficina de Información e atención ó cidadán (403).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/ CI	TIT.	SIT	OBSERVA- CIÓNS	
403.01	Xefa/e de Información Urbanística	1	22	11.732,00	312	\$		CO	C1	AE	TA	62	V	VACANTE
403.02	Inspector Urbanismo	1	20	12.923,26	153	N		CO	C1	AE	TA	3	P	



Concello de Vigo

I.3.- Oficina de Rexistro (404):

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
404.01	Xefe/a Oficina de Rexistro	1	22	17.694,88	305	\$		CO	C1 AX	SA	3	T	
404.02	Administrativa/o de Rexistro	3	19	12.599,30	320	\$		CO	C1 AX	SA	3	P/V	VACANTE (1)

I.4.- Oficina de Dixitalización e Conserxería (405):

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
405.01	Auxiliar reprografía-dixitalización	1	16	9.675,82	159	N		CO	C2 AE	CE	4	P	
405.02	Alguacil-notificador	1	14	11.638,34	149	N		CO	E AX	SU	5	P	
405.03	Alguacil-notificador	1	14	11.638,34	149	N		CO	E AX	SU	5	P	
405.04	Persoal subalterno-ordenanza	1	14	9.293,20	566	N		CO	E AX	SU	5	P	

I.5.- Servizo de Admón. Electrónica (406):

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
406.01	Técnico resp. Admon. Electrónica	1	28	24.198,58	650	\$		CO	A1 AE	TS	1	P	
406.02	Programador de sistemas	1	22	17.694,88	305	N		CO	C1 AE	TA	3	P	
406.03	Programador informático	1	22	15.674,68	88	N		CO	C1 AE	TA	3	P	

I.6.- Oficina de Arquivo e Control (407):

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
407.01	Arquiveira/o	1	26	19.277,30	680	\$		CO	A2 AE	TM	2	P	
407.02	Administrativa/o	1	19	10.748,50	317	N		CO	C1 AX	SA	3	P	
407.03	Alguacil-notificador	1	14	11.638,34	149	N		CO	C2 AX	AU	4	P	
407.04	Axudante de oficios	1	14	9.877,56	562	N		CO	E AE	CE	5	P	

I.7.- Oficina de Vivenda/Xestión do Solo/Rexistro de Solares (408).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
408.01	Técnico Admón. Xeral	1	26	19.277,30	680	N		CO	A1 AX	TS	99	V	INTERINA
408.02	Administrativa/o	1	19	10.748,50	317	N		CO	C1 AX	SA	3	P	

II.- ÁREA TÉCNICA (410 a 423).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES	
410.01	Xefa/e da Área Técnica	1	28	31.949,40	625	\$		LD	A1	AE/AX	TS	1	P	

II.1.- Departamento de Desenvolvemento Urbanístico (411 a 414).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES	
411.01	Xefe/a Desenvolvemento Urbanístico	1	28	31.949,40	625	\$		LD	A1	AE/AX	TS	1	P	
411.02	Xefe/a Oficina Desenvolv. Urbanístico	1	22	13.624,10	321	\$		CO	C1	AX	SA	3	T	
411.03	Administrativa/o de Desenvolv. Urb.	2	19	11.773,44	318	\$		CO	C1	AX	SA	3	P	

II.1.1.- Servizo de Planeamento e Xestión (411).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES	
411.04	Xefe/a Servizo Planeamento-Xestión	1	28	24.198,58	650	\$		CE	A1	AE/AX	TS	1	P	
411.05	Téc.xco.Planeamento xeral e suprapal.	1	26	22.715,28	660	\$		CO	A1	AX	TS	99	P	
411.06	Téc.xco.Planeamento desenv. e Xestión	1	26	22.715,28	660	\$		CO	A1	AX	TS	99	P	
411.07	Arquitecto	2	26	19.277,30	680	N		CO	A1	AE	TS	1	P	
411.08	Técnico Medio Ambiente	1	26	19.277,30	680	N		CO	A1	AE	TS	1	P	

II.1.2.- Servizo de Urbanización e Infraestructuras (412).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES	
412.01	Xefe/a Urbanización-Infraestructuras	1	26	24.198,58	650	\$		CO	A1/A2	AE/AX	TS/TM	1/2	P	
412.02	Enxeñeiro de Camiños	1	26	19.277,30	680	N		CO	A1	AE	TS	47	V	VACANTE
412.03	Enxeñeiro técnico Obras Públicas	1	26	19.277,30	680	N		CO	A2	AE	TM	54	P	

II.1.3.- Sección de Cartografía (413).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES	
413.01	Técnico Superior de Urbanismo	1	26	19.277,30	680	N		CO	A1	AE	TS	1	V	VACANTE
413.02	Delineante	4	21	11.732,00	312	N		CO	C1	AE	TA	62	P/V	VACANTE (1)

II.1.4.- Sección de Obras e Proxectos Municipais (414).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
-----	--------------------	-----	----	----------	-----	----	----	---	-----	--------	------	-----	---------------



Concello de Vigo

414.01	Arquitecto Obras e Proxectos	2	26	22.715,28	660	\$	CO	A1	AE	TS/TM	1/2	P	
414.02	Arquitecto técnico	1	26	19.277,30	680	N	CO	A2	AE	TM	43	V	VACANTE

II.2.- Servizo de Licenzas (421).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
421.01	Xefe/a de Licenzas	1	28	24.198,58	650	\$	CE	A1	AX/AE	TS	1	V	VACANTE
421.02	Técnico Admón. Xeral	3	26	19.277,30	680	N	CO	A1	AX	TS	99	V	INTERINAS (3)
421.03	Xefe Oficina Licenzas	1	22	12.599,30	320	\$	CO	C1	AX	SA	3	T	
421.04	Administrativa/o	4	19	10.748,50	317	N	CO	C1	AX	SA	3	P/V	VACANTE (3)
421.05	Auxiliar administrativo	2	16	9.675,82	159	N	CO	C2	AX	AU	4	V	INTERINAS (2)
421.06	Arquitecta/o	4	26	19.277,30	680	N	CO	A1	AE/AX	TS	1	P	
421.07	Técnico Superior de Urbanismo	1	26	19.277,30	680	N	CO	A1	AE	TM	1	P/V	
421.08	Enxeñeiro Industrial	1	26	19.277,30	680	N	CO	A1	AE	TS	46	V	INTERINO
421.09	Enxeñeiro técnico industrial	2	26	19.277,30	680	N	CO	A2	AE	TM	56	P	
421.10	Arquitecta/o técnico	3	26	19.277,30	680	N	CO	A2	AE	TM	43	P	

II.3.- Sección de Barrios Históricos (422).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
422.01	Xefa/e de Barrios Históricos	1	26	20.430,34	670	\$	CE	A1	AE	TS	1	P	

II.4.- Servizo de Disciplina Urbanística (423).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIONES
423.01	Xefa/e de Disciplina Urbanística	1	28	24.198,58	650	\$	CE	A1	AX	TS	99	P	VACANTE
423.02	Técnico Admón Xeral	2	26	19.277,30	680	N	CO	A1	AE	TS	99	V	INTERINOS (2)
423.03	Arquitecto	2	26	19.277,30	680	N	CO	A1	AE	TS	1	V	INTERINOS (2)
423.04	Xefe Oficina de Disciplina Urb.	1	22	12.599,30	320	\$	CO	C1	AX	SA	3	T	
423.05	Administrativa/o	4	19	10.748,50	317	N	CO	C1	AX	SA	3	P/V	VACANTE (2)
423.06	Auxiliar administrativo	1	16	9.675,82	159	N	CO	C2	AX	AU	4	V	INTERINA
423.07	Xefe de grupo de Inspecc. de Urbanismo	1	21	12.923,26	153	\$	CO	C1	AE	TA	3	V	VACANTE
423.08	Inspector de Urbanismo	6	20	12.923,26	153	N	CO	C1	AE	TA	3	P/V	VACANTE (1)

II.5.- Servizo de Conservación/ITE (423).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE_euros	Cod	TP	FP	G	ESC	Sbe/ CI	TIT.	SIT	OBSERVA- CIÓNS	
424.01	Xefa/e de ITE-Conservación	1	26	22.715,28	660	\$		CE	A1 / A2	AE/ AX	TS	1	P	
424.02	Xefe/a Oficina Conservación	1	22	12.599,30	320	\$		CO	C1	AX	SA	3	P	
424.03	Técnico Admón Xeral	2	26	19.277,30	680	N		CO	A1	AX	TS	99	V	INTERINAS (2)
424.04	Arquitecto técnico	1	26	19.277,30	680	N		CO	A2	AE	TM	43	P	
424.05	Inspector Urbanismo	1	20	12.923,26	153	N		CO	C1	AE	TA	3	P	
424.06	Administrativa/o	3	19	10.748,50	317	N		CO	C1	AX	SA	3	P/V	VACANTE (1)
424.07	Auxiliar administrativo	1	16	9.675,82	159	N		CO	C2	AX	AU	4	V	VACANTE

COMPLEMENTOS ESPECÍFICOS: equivalencias en euros dos códigos empregados.

Código	IMPORTE/€
601	43.079,26
625	31.949,40
650	24.198,58
660	22.715,28
670	20.430,34
680	19.277,30
305	17.694,88
88	15.674,68
321	13.624,10
153	12.923,26
320	12.599,30
312	11.732,00
149	11.638,34
318	11.773,44
317	10.748,50
562	9.877,56
159	9.675,82
566	9.293,20

SIGNIFICADO DAS CLAVES EMPREGADAS:

CDG: Código do posto.

DOT: Dotación en número de postos con iguais características.

CD: Nivel asignado ó posto a efectos de percepción do complemento de destino.

CE: Importe en euros do complemento específico

Cod: Código asignado ó complemento específico



Concello de Vigo

TP: Tipo de posto (OD: órgano directivo / S: singularizado / N: non singularizado).

FP: Forma de provisión (LD: libre designación/ CE: concurso específico/ CO: concurso ordinario)*.

G: Grupo (A1, A2, C1, C2, E).

ESC: Escala (AX: Escala de Administración Xeral / AE: Escala de Administración Especial).

Sbe/Cl: Corpo/Subescala/Clase: TS:Técnico Superior; TM:Técnico Medio; TA: Subesc. Técnica Auxiliar; SA: Subesc. Admva.

AU: Subescala Auxiliar; SU: Subescala Subalterna; CE: Servizos-Cometidos Especiais.

TIT: Titulación:

1 Título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

2 Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico ou equivalente.

3 Bacharelato superior, FP II ou equivalente.

4 Graduado escolar, FP I ou equivalente.

5 Certificado de escolaridade.

43 Arquitecto técnico.

46 Enxeñeiro Industrial.

47 Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.

54 Enxeñeiro técnico de Obras Públicas.

56 Enxeñeiro técnico industrial.

62 FP II rama Delineación.

99 Licenciado en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas, Empresariais, Intendente mercantil ou Actuario.

SIT: Situación (V: vacante / T: Adscrición permanente / P: Adscrición provisional).

* Os postos non singularizados poderán ser provistos mediante o traslado forzoso de funcionarios, ó amparo do artigo 81.2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado (RDLex. 5/2015, de 30 de outubro).

GUÍA DE FUNCIONS: INSPECTOR DE URBANISMO

IDENTIFICACIÓN DO POSTO:

- **Denominación:** INSPECTOR DE URBANISMO.

- **Grupo:** C1.

RELACIÓN DE FUNCIONS ASOCIADAS Ó POSTO:

Posuíndo formación profesional teórico-práctica suficiente, desenvolverá de maneira profesional e con total dominio do seu oficio, as tarefas propias da súa categoría en función da súa especialidade, tales como:

- Realizar as inspeccións, controles e seguimento do cumprimento das ordenanzas municipais en materia do servizo.

- Inspeccionar e comprobar, de oficio ou a instancia de parte, calquera asunto nas materias competencia do seu servizo.
- Comprobar e inspeccionar o cumprimento das resolucións da Presidencia ou da Concelelía -delegada en relación coas materias do servizo.
- Realizar a toma de datos, mostraxes, medicións, etc., así como elaborar esbozos, croquis ou toma de fotografías nas inspeccións realizadas.
- Colaborar na elaboración e tramitación de expedientes do servizo.
- Realización de informes sobre as actuacións realizadas.
- Colaborar cos técnicos do servizo e participar, baixo a dirección dos mesmos, na confección de inventarios de equipos e materiais utilizados no servizo, así como no deseño e impulso e execución de programas ou outras actuacións divulgativas nas materias da súa competencia.
- Informar ós seus superiores das necesidades de material específico necesario para os traballos de servizo, así como manter en perfecto estado de conservación e uso dito material.
- Colaborar cos técnicos do servizo na xestión dos medios económicos, materiais e de persoal, así como na coordinación dos mesmos, para o desenvolvemento dos programas e actividades do servizo.
- Vixiar, investigar e controlar a actuación de todos os implicados no proceso construtivo e de utilización do solo, e elaborar informe sobre o resultado das actuacións realizadas.
- Vixiar e controlar as ordes de suspensión de obras e de actividades.
- Constatar e denunciar todas as anomalías que se observen nesa materia.
- Levantar acta de inspección na forma que establece a normativa urbanística vixente, advertindo das posibles infraccións urbanísticas detectadas.
- Realizar as visitas de inspección e emitir os informes que lle soliciten os responsables da tramitación de expedientes de disciplina urbanística.
- Realizar as visitas de inspección e comprobación da execución das obras ordenadas e derrubas acordadas nos expedientes de ordes de execución e declaración de ruína que lles soliciten dende a oficina encargada de velar polo mantemento da edificación.
- Manter a reciclaxe continua nos coñecementos e procedementos necesarios para realizar as funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.
- Información e atención ó público nos temas da súa competencia.
- Utilización das aplicacións informáticas correspondentes ó seu servizo.



Concello de Vigo

- Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.
- Obrigatoriedade de condución de vehículos no desempeño axeitado das funcións do posto de traballo e cometidos propios do mesmo, sendo responsabilidade do empregado ter vixente o seu carné de conducir.
- Calquera outra función e tarefa de análoga natureza que lle sexan encomendadas polo seu superior xerárquico dentro do ámbito das súas competencias.

14(857).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE VIGOZOO NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DO 2020. EXPTE. 10610/612.

Dáse conta do informe-proposta de data 8/10/2020, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor e no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que: “ A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”

Polo tanto, a concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable, Nuria Rodríguez Rodríguez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Vigozoo da Concellería de Medio Ambiente e Vida Saúdable (funcional 3371), durante os meses de xullo, agosto e setembro do ano 2020, que se relacionan deseguido:

EXPTE ASUNTO	ADXUDIC.	DURAC	DATA	IMPORTE
10448-612 OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBERTA NO VOLUME PRINCIPAL DO RECINTO “NOCTURAMA” DE VIGOZOO.-	MILCONS, S.L.- B-32.253.288	2 MESES	06/07/2020	12.384,93 €
10454-612 ADQUISICIÓN DE RATAS, RATÓNS, COBAIAS, ETC. PARA ALIMENTO DOS ANIMAIS NO 3º. TRIMESTRE DO 2020.-	SAINT LAURENT, S.A.S. FR7907600	3 MESES	14/07/2020 3.0	3.087,25 €
10455-612 SUBMINISTRACIÓN DE GRILOS, TENEBRIOS, ZOPHOBAS PARA ALIMENTO DE ALGUNHA FAUNA DE VIGOZOO NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2020.-	GEMMA LLÁCER ELENA – KRIK KRIK 20.014.370-T	3 MESES	14/07/2020	891,61 €
10458-612 SERVICIOS DE INSPECCIÓN DO PARQUE INFANTIL DAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO.-	SANPE INGENIERÍA, S.L. B-34.267.252	1 MES	15/07/2020	363,00 €
10481-612 SUBMINISTRACIÓN DE LEXÍA PARA DESINFECCIÓN DAS INSTALACIÓNS.	DARLIM, S.L. B-36.612.562	4 MESES	17/07/2020	115,19 €

10482-612	ADQUISICIÓN DE MASCARILLAS CIRÚRXCAS.	EL CORTE INGLÉS – 1 MES DIVISIÓN COMER- CIAL.	17/07/2020	726,00	726,00 €
		A-28.017.895			
10486-612	ADQUISICIÓN DE POLOS, ALAS DE POLO, XAMONCIÑOS, ETC. PARA ALIMENTO DOS ANIMAIS NO 3º. TRIMESTRE DO 2020.-	LAGO, AVES, HUEVOS Y CAZA, S.A.- A-36.031.185	3 MESES	17/07/2020	2.179,15 €
10488-612	ADQUISICIÓN DE TUBOS, FERROS, GALVAS, ETC. PARA OBRAS MENORES A REALIZAR EN VIGOZOO.	HIERROS LAGO, S.L.	4 MESES	17/07/2020	1.098,09 €
		B-36.649.259			
10490-612	SERVIZOS DE REPARACIÓN DE BATERÍAS DO COCHE ELÉCTRICO DE VIGOZOO.	ALMIJOCAR, S.C.G.	2 MESES	21/07/2020	1.673,43 €
		F-27.784.008			
10491-612	SERVIZOS DE MANTEMENTO DE EXTINTORES DE VIGOZOO.	EXTINTORES CELTA, S.L.	1 MES	21/07/2020	837,45 €
		B-36.797.595			
10492-612	SERVIZOS DE REPARACIÓN ELÉCTRICA DE BOMBAS DE AUGA.	ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.	1 MES	11/08/2020	523,24 €
		B-36.955.763			
10493-612	SUBMINISTRACIÓN DE CARTELEIRA DIVULGATIVA PARA VIGOZOO.-	SIXPRESS COLOR, S.L.	4 MESES	29/07/2020	2.000,00 €
		B-36.883.601			
10496-612	OBRAS DE REPARACIÓN DE VAIAS INTERIORES	MILCONS, S.L.	2 MESES	18/08/2020	7.516,21 €
		B-32.253.288			
10512-612	REPARACIÓN DA LAVADORA DE VIGOZOO	DELEGACIONES REUNIDAS NOVOFRI, S.A.	1 MES	27/08/2020	842,03 €
		A-36.608.313			
10528-612	SERVIZOS DE RECOLLIDA DE ANIMAIS PARA SER INCINERADOS.	GESUGA.- GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, S.L.	5 MESES	11/08/2020	617,10 €
		B-15.862.667			
10530-612	SUBMINISTRACIÓN DE PULSEIRAS DE IDENTIFICACIÓN ANIMAL.-	GRUPANOR CERCAMPO, S.A.	1 MES	12/08/2020	38,09 €
		A-81.486.797			
10531-612	SUBMINISTRACIÓN DE CATRO DETECTORES DE ALARMA INFANTICIDIO.	EXTINTORES CELTA, S.L.	1 MES	27/08/2020	108,11 €
		B-36.797.595			
10532-612	SUBMINISTRACIÓN DE 15 VAIAS PROTECTORAS.-	XEALCO, S.L.	1 MES	27/08/2020	1.545,47 €
		B-36.194.108			
10539-612	SERVIZOS DE INSTALACIÓN DUN EQUIPO DE ASPIRACIÓN PARA ACUARIOS.-	CATARAGUA, S.L.	1 MES	09/09/2020	688,49 €
		B-36.881.589			
10540-612	SERVIZO DE INSTALACIÓN DE PECHES MAGNÉTICOS NAS GAIOLAS DE LINCES.-	DAVID GONZÁLEZ GONZÁLEZ.	3 MESES	10/09/2020	717,53 €
		36.159.844-A			
10553-612	SUBMINISTRACIÓN DE DEZ VAIAS EN RÉXIME DE ALUGUER	XEALCO, S.L.	3 MESES	15/09/2020	309,76 €
		B-36.194.108			
10554-612	SERVIZOS DE TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS MESTURADOS NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.	3 MESES	15/09/2020	1.349,15 €
		B-36.179.299			
10568-612	SUBMINISTRACIÓN DE TUBOS, MAIAZO E ÁNGULO DE FERRO PARA REPARACIÓNS EN VIGOZOO.-	HIERROS LAGO, S.L.	3 MESES	30/09/2020	
		B-36.649.259			1.997,76 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

15(858).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FROITAS E HORTALIZAS PARA A FAUNA ANIMAL DO VIGOZOO. EXPTE. 10577/612.

Visto o informe xurídico do 06/10/2020 e o informe de fiscalización do 07/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/10/2020, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 30 de agosto de 2018, acordou aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do subministro de froitas e hortalizas para a fauna de VigoZoo (expte 9241-612), así como o Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario de VigoZoo asinado con data 18 de xuño de 2018 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 2 de agosto de 2018.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 18 de outubro de 2018, acordou, *“Adxudicar a FRUTAS NIEVES, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigozoo (9241-612) por un prezo total de 42.226,70 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.624,10 euros, e cunha baixa porcentual única do 6,58% a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 1 do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

3.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 26 de outubro de 2018, e consta na Cláusula 5 o prazo do contrato, o cal é de dous anos, contado a partir da última sinatura dixital do contrato, estando prevista unha prórroga dun ano.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

1.- O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación.

2.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/08/18, establece expresamente na Cláusula 7 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C) da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.

O referido apartado 4.A) das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) dunha prórroga cunha duración dun ano.

3.- Na actualidade Vigozoo continúa exercendo a súa actividade polo que o obxecto deste contrato, o subministro de froita e hortalizas para a fauna de VigoZoo segue sendo indispensable para o seu correcto funcionamento, polo que considérase conveniente propor a prórroga do contrato de SUBMINISTRO DE FROITAS E HORTALIZAS PARA A FAUNA DE VIGOZOO DO CONCELLO DE VIGO (expte 9241-612) por un período dun ano.

4.- Ao abeiro do establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

5.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 27 de outubro de 2020 ao 26 de outubro de 2021, sendo o prezo anual do contrato de vinte e un mil cento trece euros con trinta e cinco céntimos (21.113,35 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de oitocentos doce euros con cinco céntimos (812,05 euros).

6- O importe da prórroga imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	2020	2021	TOTAL
3371.221.05.00 Froitas animais	3.694,84 €	17.418,51 €	21.113,35 €

7.- Consta no expediente, a conformidade da mercantil FRUTAS NIEVES, S.A., sobre a presente proposta de prorroga.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de SUBMINISTRO DE FROIAS E HORTALIZAS PARA A FAUNA DE VIGOZOO (expte 9241-612), formalizado coa entidade mercantil FRUTAS NIEVES S.A. polo período dun ano, comprendido dende o 27 de outubro de 2020 ata o 26 de outubro de 2021.

Segundo- Autorizar o gasto do contrato de SUBMINISTRO DE FROIAS E HORTALIZAS PARA A FAUNA DE VIGOZOO (expte 9241-612), a favor da entidade mercantil FRUTAS NIEVES, S.A. polo importe de vinte e un mil cento trece euros con trinta e cinco céntimos (21.113,35 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de oitocentos doce euros con cinco céntimos (812,05 euros); todo isto de acordo cos prezos unitarios establecidos no acordo de adxudicación e as condicións recollidas no PCAP.

O gasto será de aplicación ás seguintes partidas orzamentarias, e segundo a seguinte distribución anual:

Aplicación orzamentaria	2020	2021	TOTAL
-------------------------	------	------	-------



Concello de Vigo

3371.221.05.00 Froitas animais 3.694,84 € 17.418,51 € 21.113,35 €

Terceiro.- Notificar á mercantil FRUTAS NIEVES, S.A. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(859).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez